



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

Anuncio da aprobación inicial do estudo de detalle para a ordenación de volumes na rúa do Cabo 24, Muros (expedientes 2024/U022/000008 e 2024/U017/000083)

A Xunta de Goberno Local, na sesión que tivo lugar o 16 de abril de 2025, acordou aprobar inicialmente o documento denominado *Estudo de detalle para a ordenación de volumes na rúa do Cabo, 24*. Abril 2025, promovido pola entidade mercantil Escorihier SL e redactado polos arquitectos María Carmen Escorihuela Vitales, Antón Varela García, Miguel Alonso Flamarique e Roberto Erviti Machain, cos números de colexiados do COAA, COAG e COAVN 3804, 3322, 3093 e 3098, respectivamente.

En cumprimento do disposto no artigo 80.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e nos artigos 194.2 e 207 do seu regulamento, sométese o expediente a información pública polo prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da última das publicacións deste anuncio, no Diario Oficial de Galicia ou nun dos xornais de maior difusión na provincia, para que calquera persoa poida examinar o estudo de detalle e formular as alegacións que procedan.

A documentación estará á disposición do público no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Muros, no taboleiro de anuncios e edictos do Concello de Muros, e tamén poderá consultarse fisicamente nas dependencias da Área de Urbanismo do Concello de Muros (Curro da Praza 1), das 9.00 ás 13.00 horas, de luns a venres.

Muros, 7 de maio de 2025

María Lago Lestón
Alcaldesa do Concello de Muros